



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 3 de setembro de 2021(1073/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (online)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dez minutos do día tres de setembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(787).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O “PROXECTO FARO EDUCA 2021” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO SAU. EXPTE. 18527/101.**

Visto o informe xurídico do 30/08/21 e o informe de fiscalización do 01/09/21, dáse conta do informe-proposta de data 30/08/21 asinado pola xefa do Servizo Administrativo de Alcaldía, a concelleira-delegada de Contratación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 7 de xuño de 2021, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en data 7 de xuño dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “FARO EDUCA 2021” organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción da educación.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

-Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 7 de xuño de 2021.

-Memoria económica do contrato de data 7 de xuño de 2021.

-Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 15 de xuño de 2021 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

-Memoria xustificativa do contrato de data 15 de xuño 2021 asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.

-Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 25 de agosto de 2021.

## **II.- CONDICIÓNNS DEFINIDORAS DO CONTRATO**

### **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O obxecto do presente expediente contéplase no desenvolvemento das accións vinculadas a proposta de patrocinio publicitario da entidade Faro de Vigo S.A.U., ao Concello de Vigo con motivo do proxecto "FARO EDUCA 2021" organizada polo Faro de Vigo e que de forma concreta se definen na cláusula 3ª do PPTP.

O proxecto "FARO EDUCA 2021", denominado ata o ano 2020 "FARO DA ESCOLA", é un proxecto organizado polo Faro de Vigo cunha traxectoria de mais de seis anos, no que participan os centros educativos de Vigo e o súa área de influencia.

Dito proxecto ten por obxectivo impulsar a educación dende diferentes puntos de vista, achegar aos nenos e nenas á prensa, involucrarse coas innovacións educativas e neste momento de alarma sanitaria ofrecer ademais unha alternativa de ocio e lecer aos nenos e nenas confinados na casa.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente



## Concello de Vigo

expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover a educación e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

### II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

Prezo con ive: **112.295,00**

Prezo sen ive: **92.805,79 €**

Importe 21% ive: **19,489,21 €**

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2020.

### II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos costes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

#### II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

#### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

#### II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U.

#### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución será de catro meses.

2.- O cómputo do prazo iniciarase o 1 de setembro de 2021. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

#### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

#### II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía

#### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.



## Concello de Vigo

### II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

#### De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.

O cumprimento destas condicións especiais de execución poderán verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

### II.13.- Solvencia

#### **- Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

#### **- Solvencia técnica e profesional:**

- Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos

No caso de que os datos incluídos na documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar, de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP. Excluirase ao licitador do procedemento e reclamaránselle 250 € en concepto de penalidade.

### II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

### **III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2021”, á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 15 de xuño de 2021.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 25 de agosto de 2021.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

· O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de **92.805,79 €**

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **2(788).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONÍA EN VARIAS RÚAS DE VIGO NO ÁMBITO DA PROGRAMACIÓN DO NADAL (2021-2022, 2022-2023 E 2023-2024). EXPTE. 7819/106.**

Visto o informe xurídico do 31/08/21 e o informe de fiscalización do 01/09/21, daése conta do informe-proposta de data 02/09/21 asinado polo xefe do Servizo de Comercio, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de data 21/05/2021 o concelleiro delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto o servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación do Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024).

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 21/05/2021 asinado polo xefe do Servizo de Comercio.
- Resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 21/05/2021 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Documentos económicos (RC 54216 e RCFUT 54219) asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención con data 01/06/2021.
- Memoria económica do contrato asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais con data 10/06/2021.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais con data 15/06/2021.

- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación de data 17/06/2021.
- Informe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 14/07/2021.
- Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais con data 21/07/2021 modificado a pedimento da Asesoría Xurídica relativo ao cumprimento da Ordenanza municipal de ruídos e vibracións.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación do Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) de data 04/08/21, asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación.
- Informe complementario do Servizo de Comercio de data 19/08/2021 conforma ao contrato pode acollerse á excepcionalidade prevista no artigo 28 da Ordenanza municipal de Medio Ambiente contra a contaminación acústica pola súa especial significación cidadá.
- Informe favorable do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 19/08/2021 solicitado a instancia da Asesoría Xurídica.

**Terceiro:-** O presente contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2021, aprobado pola Xunta de Goberno en data 30/12/2020 e publicado no portal de transparencia.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no art 116 LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Comercio en resolución de data 21/05/2021 autorizou o inicio deste expediente de contratación, previa xustificación da necesidade de data 21/05/2021 conforme ao art. 28 da LCSP.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o Prego de Prescricións Técnicas, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo xefe do Servizo de Comercio, e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

**Cuarto.-** : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, emitírase informe favorable pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.





## Concello de Vigo

**Quinto.-** No 116.3 da LCS establécese que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación conforme ao artigo 117 LCSP e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación do Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024)** segundo as condicións aprobadas no referido Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 21/07/2021, así como **aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento** asinado en data 04/08/2021.

**SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 156.600 euros** (IVE do 21% incluído de 27.178,51 euros) con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL) dos importes e exercicios económicos seguintes:

Anualidade	Importe
2021	38.831,70 €
2022	52.200,00 €
2023	52.200,00 €
2024	13.368,30 €

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(789).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN PRIVADA DO GRUPO “AMARAL” DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS” 2021. EXPTE. 8877/335.**

Visto o informe xurídico do 31/08/21 e o informe de fiscalización do 01/09/21, daése conta do informe-proposta de data 31/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Fes-

tas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I.- ANTECEDENTES

Con data 20 de Agosto de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas , ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN de “AMARAL”**, dentro do Programa “Vigo en Festas” 2021, mediante tramitación **ordinaria**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), de data 20 de Agosto de 2021.
- Memoria económica, de data 22 de Agosto de 2021
- Documento económico, de data 23 de Agosto de 2021
- Carta de exclusividade remitida o 10 de Agosto de 2021
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 31 de Agosto de 2021
- Memoria xustificativa, de data 30 de agosto de 2021, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP). O contrato adxudicárase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
  - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
  - Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 30 de agosto de 2021



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas do 30 de agosto de 2021

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, **proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade do contrato da **ACTUACIÓN de “AMARAL”, DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021”** na **parcela do aparcamento PRÓXIMO ÁS PISTAS POLIDEPORTIVAS DE SAMIL** o día **25 de Setembro de 2021**.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 30 de Agosto de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 31 de agosto de 2021 asinado pola Xefa do Servizo de Contratación do contrato para a **PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN de “AMARAL”, DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021”** na **parcela do aparcamento PRÓXIMO ÁS PISTAS POLIDEPORTIVAS DE SAMIL** o día **25 de Setembro de 2021**.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **75.020,00 euros**, e sendo o valor estimado do contrato de **62.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(790).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, SAU PARA A COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 15532/306.**

Visto o informe xurídico do 31/08/21 e o informe de fiscalización do 02/09/21, daése conta do informe-proposta de data 31/08/21 asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **Antecedentes**

1.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 21 de xullo de 2021, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U.

tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camiño a Camiño” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración e redacta unha proposta de convenio.

3.- A entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc. 210177561, de data 28/08/2021) aceptando a proposta de convenio, achega certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Consta, tamén, copia da escritura pública de apoderamento do representante legal da entidade.

### **Fundamentos de dereito**

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, e nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., ten abribuído competencias no “medio ambiente urbano” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A Área Medio Ambiente e Vida Saudable en virtude da resolución da alcaldía de do 04/09/2020, exerce competencias en materia medioambiental, entre as que figuran, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, fomentar hábitos de vida saudables.

Neste sentido o obxecto do convenio e a colaboración entre a Administración municipal e a entidade Vego Supermercados, S.A.U., en actividades cuxo obxectivo é a protección do medio ambiente, especialmente, urbano e ocupación do tempo de lecer nestas actividades medioambientais.

En concreto, a referida entidade colabora co Concello de Vigo:

- No programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado e organización de percorridos das oito rutas por Vigo e comarca, que se realizaran os días 19, 26 de setembro, 3, 10, 17, 24, 31 de outubro e 7 de novembro de 2021, das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local 20 de agosto de 2021, segundo expediente 15533/306, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado.

- Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

- Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

Pola súa banda, o Concello obrigaríase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.



## Concello de Vigo

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.2. e 34 da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40ª.4. das de execución do vixente orzamento municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O convenio non implica gastos para o Concello.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 15532/306 e co texto que de seguido se indica.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

““CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE  
“VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.”

(GRUPO VEGALSA-EROSKI)

*En Vigo, na data da sinatura electronica.*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, o Excmo. **Sr. D. Abel Caballero Álvarez**, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.*

*E doutra, **D. Joaquín González Iglesias**, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.*

*Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

### **MANIFESTAN**

*1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.*

*A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía do 04/09/2020, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente e, tamén, o fomento de hábitos de vida favorables.*

*Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.*

*Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente urbano.*

*A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.*



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, autorizou en sesión do o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental a desenvolver de setembro a outubro de 2021, segundo expte. 15533/306.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto (antes rúa Troncal) unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto "Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero" que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o "proxecto Tenda Sustentable". Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema "Dálle cor á natureza". Igualmente realiza unha actuación anual de "Plantación de Árbores" na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto "Tenda Sustentable" recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos loxísticos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5. Ámbalas dúas partes pretenden desenvolver accións conxuntas de sensibilización e educación medioambiental cara a protección do medio ambiente.

Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

### ESTIPULAN

**PRIMEIRO.-** Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente de Vigo e Vida Saudable, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado e organización de percorridos das oito rutas por Vigo e comarca, que se realizaran os días 19, 26 de setembro, 3, 10, 17, 24, 31 de outubro e 7 de novembro de 2021; previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado por

*acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 20/08/2021, segundo expte. 15533/306, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de organización e monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc.). Noutro caso, ditas actividades substituiránse por outras proxectadas que si reúnan ditas características.*

*- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.*

*- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.*

*- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.*

**SEGUNDO.-** *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.*

*Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.*

*O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.*

*O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.*

**TERCEIRO.-** *Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.*

**CUARTO.-** *O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.*

*En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e*





## Concello de Vigo

*obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.*

**QUINTO.** - *Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.*

*Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.*

**SEXTO.**- *A mercantil Vego Supermercados, S.A.U. está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable.*

*A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.*

*O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.*

**SÉPTIMO.**- *O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; rexerase pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, os artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece e quince minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez